



# ESTRATEGIA EPÍGRAFE D

## ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

**GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS**



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL  
MARIÑAS-BETANZOS



Fondo Europeo Agrícola  
de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural



Xacobeo 21-22



# CONTIDO

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia.	3
D.1 Estratexias da UE	3
D.1.1 Documentos de maior relevancia a considerar	3
D.1.2 Orientacións e indicacións prácticas	3
D.1.3 Plan estratéxico de agricultura ecolóxica	6
D.1.3.1 Biodistritos no marco do Plan de Acción da UE	10
D.2 Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia	11
D.2.1 Aclaración inicial sobre os documentos relevantes a nivel español	11
D.2.2 Orientacións e indicacións prácticas en relación co Plan Estratéxico da PAC	11
D.3 Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural	21
D.3.1 Documentos de maior relevancia a considerar	21
D.3.2 Orientacións e indicacións prácticas	21

# ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Principais documentos ou estratexias da UE:.....	4
Táboa 2. Accións xerais e específicas enmarcadas no Plan de Acción da UE:.....	7
Táboa 3. Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia máis relevantes para o territorio e ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR: .....	12
Táboa 4. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC 2023-2027 .....	17
Táboa 5. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PEPAC de España 2023-2027 .....	20
Táboa 6. Aliñamento da estratexia GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural .....	21

## **D. ANÁLISE DO NOVO MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL E IMPACTO PREVISIBLE NA FUTURA ESTRATEGIA.**

Analízase a incidencia da nova PAC e das estratexias europeas máis relevantes e de interese para o GDR23, sobre o territorio, e como estas condicionan á estratexia de desenvolvemento local.

Concretarase como as prioridades establecidas nesas políticas, normativas e documentos son incorporadas na estratexia do GDR23, co fin de maximizar as sinerxías e a complementariedade, especialmente coas medidas de desenvolvemento rural que se van aplicar en Galicia no marco da PAC 2023-2027 e coas iniciativas e plans da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito territorial correspondente.

### **D.1 ESTRATEGIAS DA UE**

#### **D.1.1 DOCUMENTOS DE MAIOR RELEVANCIA A CONSIDERAR**

Analízanse as estratexias europeas de maior relevancia para o GDR23, especialmente para a definición dos obxectivos e o plan de acción, correspondéndose cos seguintes documentos:

- Pacto Verde Europeo.
- Estratexia “da granxa á mesa” para un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente.
- Estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030.
- Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques para 2030.

#### **D.1.2 ORIENTACIÓNS E INDICACIÓNS PRÁCTICAS**

Para cada un dos documentos indicados no punto anterior, identifícanse os obxectivos e directrices máis relevantes para o GDR23, especificando a súa incidencia no territorio e na estratexia, así como a forma na que son incorporados á mesma.

As estratexias, mentres non se complete a estratexia nos epígrafes H e I, de obxectivos e medidas respectivamente, non están incorporadas máis que na fase de diagnóstico.

**Táboa 1. Principais documentos ou estratexias da UE:**

Obxectivos ou elementos seleccionados do documento	Incidencia no territorio e na estratexia do GDR (relación co DAFO)	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
<b>I. Pacto Verde Europeo.</b>		
- Apoio a iniciativas que supoñan a redución de gases de efecto invernadoiro.	Moi relevante	No diagnóstico
- Produción e utilización de enerxía limpa.	Pouco relevante	No diagnóstico
- Fomento da economía circular.	Moi relevante	No diagnóstico
- Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (Estratexia da granxa á mesa).	Moi relevante	No Proxecto Piloto, de xeito integral
- Apoio a iniciativas para protexer a biodiversidade (Estratexia sobre biodiversidade).	Moi relevante	No Proxecto Piloto, de xeito transversal
- Contribución a un entorno sen substancias tóxicas.	Pouco relevante	No diagnóstico
<b>II. Estratexia “da granxa á mesa”.</b>		
<b>II.A. Produción sostible de alimentos.</b>		
- Modelos de negocio verdes: secuestro de carbono por agricultores e silvícolas ('EU carbon farming' initiative).	Moi relevante	No diagnóstico
- Bioeconomía circular (enerxía renovable, biodigestión, enerxía solar...).	Moi relevante	No diagnóstico
- Redución do uso de pesticidas químicos.	Pouco relevante	No diagnóstico
- Redución da perda de nutrientes e do uso de fertilizantes.	Moi relevante	No diagnóstico
- Redución do impacto ambiental e climático da produción animal (aditivos, impulso proteaxinosas, métodos de menores emisións...)	Pouco relevante	No diagnóstico
- Redución do uso de antimicrobianos.	Nada relevante	No Grupo Operativo do sector porcino
- Mellora do benestar animal.	Nada relevante	
- Sanidade vexetal (incluído impulso de variedades tradicionais e locais).	Pouco relevante	Transversal a toda a estratexia
- Impulso da agricultura ecolóxica.	Moi relevante	No diagnóstico

Obxectivos ou elementos seleccionados do documento	Incidencia no territorio e na estratexia do GDR (relación co DAFO)	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
II.B. Seguridade alimentaria (en particular en situacións de crise).	Nada relevante	
II.C. Cadea alimentaria sostible.		
- Fortalecer os circuítos curtos e sistemas alimentarios locais.	Moi relevante	Trabállase dende 2015 e se integra no Proxecto Piloto
- Reforzo das DOP e IXP.	Moi relevante	No diagnóstico
- Envasado sostible (redución de químicos, materiais renovables, reciclables...)	Pouco relevante	No diagnóstico
- Economía circular na cadea de procesado e distribución.	Moi relevante	No diagnóstico
- Integración da sustentabilidade como elemento de estratexia corporativa.	Moi relevante	No diagnóstico
- Inducir dietas máis saudables (reducindo graxas, azucre ou sal).	Moi relevante	No diagnóstico
- Prácticas empresariais e de marketing responsables.	Pouco relevante	No diagnóstico
II.D Promoción do consumo alimentario sostible e dietas saudables.		
- Etiquetaxes harmonizadas de sostibilidade.	Moi relevante	No diagnóstico
- Licitación pública de alimentos sostibles.	Moi relevante	No diagnóstico
II.E. Redución do desperdicio de alimentos.	Moi relevante	No diagnóstico
III. Estratexia da UE sobre a Biodiversidade 2030.		
- Actuacións en áreas protexidas do territorio.	Moi relevante	No diagnóstico
- Contribución á recuperación de ecosistemas degradados.	Moi relevante	No Proxecto Piloto
- Impulso de prácticas agrarias sustentables.	Moi relevante	No diagnóstico
- Apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade.	Moi relevante	No diagnóstico

Obxectivos ou elementos seleccionados do documento	Incidencia no territorio e na estratexia do GDR (relación co DAFO)	Forma na que é incorporado na estratexia do GDR
- Fomento do abastecemento sustentable de enerxías renovables.	Pouco relevante	No diagnóstico
- Apoio á ecoloxización de áreas urbanas e periurbanas.	Moi relevante	No diagnóstico
<b>IV. Nova Estratexia da UE en favor dos Bosques 2030.</b>		
- Promover a bioeconomía forestal sustentable para os produtos de madeira de longa duración.	Pouco relevante	No diagnóstico
- Garantir o uso sustentable dos recursos baseados na madeira para a bioenerxía.	Pouco relevante	No diagnóstico
- Promover a bioeconomía forestal non madeireira, particularmente o ecoturismo.	Moi relevante	No diagnóstico
- Capacitar ás persoas para unha economía forestal sustentable.	Moi relevante	No diagnóstico

## D.1.3 PLAN ESTRATÉXICO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

No Plan Estratéxico da UE ten como obxectivo primordial construír, de aquí o 2050, unha Europa sostible e climáticamente neutra que sexa motor para a inversión e o crecemento. Mediante diferentes estratexias, como a Estratexia da granxa á mesa e outras en temas de Biodiversidade, búscase alcanzar o obxectivo de que polo menos o 25% das terras agrícolas da UE sexan empregadas en agricultura ecolóxica de aquí ó ano 2030. Neste plan, contéplase a agricultura ecolóxica como un modelo a seguir mediante o que se pode impulsar de diversas formas a sostibilidade social e potenciar o desenvolvemento das zonas rurais. Este plan busca ofrecer posibilidades ós mozos agricultores e axudar a fomentar a igualdade de acceso e a igualdade de ingresos entre mulleres e homes dentro do sector.

O Plan de Acción da UE artículase en tres eixos que reflexan a estrutura da cadea de subministro alimentario (produción, transformación, minoristas e consumidores), que buscan potenciar o crecemento de consumo de produtos ecolóxicos, mantendo un mercado equilibrado e rendible para os produtores. Os tres eixos do Plan Estratéxico da UE, son:

- E1. Alimentos e produtos ecolóxicos para todos: estimular a demanda e garantir a confianza dos consumidores.
- E2. Cara o 2030: estimular a conversión e consolidar todos os chanzos da cadea de valor.
- E3. Predicar co exemplo: aumento da contribución da agricultura ecolóxica á sostibilidade.

Estes eixos, subdivídense en diferentes accións xerais que xiran en torno ó obxectivo primordial do plan de acción: sementar unhas bases sólidas para o futuro do sector.

- A1. Promover a agricultura ecolóxica e do logotipo da UE mediante actividades de información e comunicación.

- A2. Promoción da agricultura ecolóxica e do logotipo da UE mediante unha política de promoción cun presuposto reforzado.
- A3. Fomento de comedores ecolóxicos e aumento do uso da contratación pública ecolóxica.
- A4. Reforzo dos programas ecolóxicos escolares como parte da revisión do marco do programa escolar da UE na Estratexia da granxa á mesa.
- A5. Prevención do fraude alimentario e aumento da confianza dos consumidores onde se intensificará a loita contras as prácticas fraudulentas.
- A6. Mellorar a trazabilidade
- A7. A contribución do sector privado co obxectivo de reforzar o papel dos minoristas, servizos de restauración, restaurantes e outras empresas.
- A8. Fomento da conversión, inversión e intercambio de mellores prácticas no marco da nova PAC e PPC.
- A9. Desenvolvemento de análises sectoriais para aumentar a transferencia do mercados.
- A10. Apoio á organización da cadea alimentaria.
- A11. Reforzo da transformación local a pequena escala e fomento dos circuitos comerciais de proximidade.
- A12. Mellora da alimentación animal con amaño ás normas ecolóxicas.
- A13. Reforzo da acuicultura ecolóxica.
- A14. Redución pa pegada climática e medioambiental.
- A15. Mellora da biodiversidade xenética e aumento dos rendementos co fin de enriquecer a biodiversidade a par que aumenta os rendementos.
- A16. Alternativas ós insumos e produtos fitosanitarios.
- A17. Aumento do benestar dos animais.
- A18. Emprego máis eficiente dos recursos.

Cada acción xeral, ten unha serie de accións específicas que serán levadas a cabo por parte da Comisión Europea e/ou Estados membros, para a consecución do obxectivo primordial do Plan de Acción:

**Táboa 2. Accións xerais e específicas enmarcadas no Plan de Acción da UE:**

EIXO	ACCIÓNS XERAIS	ACCIÓNS ESPECÍFICAS	RESPONSABLES
1	A1	A1.1. Destacará a PE entre os temas incluídos na convocatoria anual de propostas para medidas de información sobre a PAC.	CE
		A1.2. Recopilación continua de datos sobre os beneficios ambientais, económicos e sociais da PE, e información ós cidadáns.	CE
		A1.3. Medirase o grado no que os consumidores coñecen o logo ecolóxico de UE co fin de facer un seguimento dos avances rexistrados.	CE/EM
		A1.4. Determinar os principais actos nos que se pode informar sobre os PE, especialmente nos EM que a demanda destes produtos é inferior.	CE/EM/outros

EIXO	ACCIÓNS XERAIS	ACCIÓNS ESPECÍFICAS	RESPONSABLES
	A2	A2.1. Asignación dun presuposto reforzado para os traballos de política de promoción de PE co fin de aumentar o coñecemento sobre estes produtos ós consumidores e estimular a súa demanda.	CE
		A2.2. Promoción de PE da UE en determinados mercados de expansión de terceiros países.	CE/EM
		A2.3. Divulgación de información sobre as oportunidades de exportación para PE da UE.	CE/EM
		A2.4. Estimular a visibilidade do sector mediante galardóns que recoñezan a excelencia da cadea alimentaria ecolóxica da UE.	CE
	A3	A3.1. Ampliar a difusión dos criterios de CPE publicados en 2019, dos traballos sobre contratación pública e alimentación saudable e da acción conxunta sobre mellores prácticas e materia de nutrición.	CE/EM
		A3.2. Incorporar os PE ós criterios mínimos obrigatorios para a contratación pública de alimentos sostibles que deben desenvolverse como parte do marco lexislativo dos sistemas alimentarios sostibles.	CE/EM
		A3.3. Supervisión dos plans de acción estatais sobre PE dos estados membros, solicitando que estes sexan ambiciosos nos seus obxectivos.	CE/EM
	A4	A4.1. Expansión na distribución de PE nos programas escolares da UE.	CE/EM
		A4.2. Estudo sobre os prezos reais dos alimentos tendo en conta o efecto dos impostos, con vistas a elaborar recomendacións.	CE/EM
	A5	A5.1. Rigorosa supervisión dos sistemas de control dos EM e terceiros países.	CE/EM
		A5.2. Aplicación dunha política de prevención do fraude ecolóxico, mediante talleres especificamente dedicados a mellorar as prácticas en ecolóxico.	CE/EM
		A5.3. Aumentar a coordinación coas autoridades competentes e corpos e forza de seguridade de terceiros en países para o intercambio de información sobre o comercio ecolóxico e o fraude.	CE/Europol/Rede de Loita contra o Fraude Alimentario
		A5.4. Reforzar o control das importacións nas fronteiras dos EM.	CE/EM
		A5.5. Promoción de catálogos de sancións opara combater as prácticas fraudulentas.	CE/EM
		A5.6. implantación de diferentes medidas para a información dos consumidores e a retirada do mercado de produtos nos que se detecte fraude.	CE/EM
		A5.7. Desenvolvemento de sistemas de alerta rápida mediante intelixencia artificial.	CE/EM
	A6	A6.1. Elaboración dunha base de datos de todos os operadores certificados en PE na UE, e posteriormente tamén de operadores de terceiros países.	CE
		A6.2. Coordinación de exercicios periódicos de trazabilidade dos PE para evitar o fraude alimentario.	CE/EM
	A7	A7.1. Obtención de compromisos, coas partes interesadas, para apoiar e incrementar a distribución e venda de PE mediante unhas prácticas empresariais e comerciais responsables.	CE/EM

EIXO	ACCIÓNS XERAIS	ACCIÓNS ESPECÍFICAS	RESPONSABLES
2	A8	A8.1. Garantir que os EM fan o mellor uso posible das posibilidades que ofrece a nova PAC para apoiar a PE nacional.	CE/EM
		A8.2. Promover o intercambio de mellores prácticas que permitas ós provedores de educación desenvolver cursos sobre PE e presentar solucións innovadoras dirixidas ó sector ecolóxico. Crearanse redes de explotacións modelo da UE que realizarán proxectos de demostración sobre temas específicos.	CE/EM
	A9	A9.1. Publicación de informes periódicos sobre a PE na UE que conteñan información sobre superficies, explotacións e principais sectores de produción.	CE
		A9.2. Publicación dun informe anual sobre importacións procedentes de terceiros países.	CE
		A9.3. Intensificación na recollida de datos de mercado e ampliación dos observatorios de mercado da UE.	CE/EM/Observatorio de mercados da UE
	A10	A10.1. Análise do grado de organización das cadeas de abastecemento do sector ecolóxico e determinación de formas para melloralas.	CE/EM
		A10.2. Formación de organizacións específicas de produtores ecolóxicos.	CE/EM
		A10.3. Organización de campañas de sensibilización e facilitar unha información máis precisa sobre a “certificación en grupo”, sistema que permite ós pequenos agricultores compartir o coste a carga administrativa da certificación (Regulamento CE nº2018/848)	CE/EM
	A11	A11.1. Fomentar a transformación local a pequena escala, avanzando cara circuitos curtos de distribución que aporten beneficios medioambientais e sociais.	CE/EM
		A11.2. Alentar ós EM a que apoiem a creación e organización de Biodistritos.	CE/EM
		A11.3. Deseño de medidas para a agricultura ecolóxica en zonas rurais que fomenten a igualdade de xénero e o emprego de mozos agricultores.	CE/EM
	A12	A12.1. Apoio a investigación e innovación de fontes alternativas de vitaminas e outras sustancias necesarias e sobre fontes alternativas de proteínas.	CE/E;
		A12.2. Apoiar a aplicación de aditivos para pensos producidos sen MMX, pensos a base de insectos e materias primas mariñas.	CE/EM
		A12.3. Adoptar unha iniciativa para promover a produción de algas co fin de garantir este produto como materia prima alternativa para a gandería ecolóxica.	CE/EM
	A13	A13.1. Apoiar a investigación e innovación sobre fontes alternativas de nutrientes, cría e benestar animal en acuicultura.	CE/EM
A13.2. Detectar e despexar os obstáculos específicos ó crecemento da acuicultura ecolóxica na UE.		CE/EM	
3	A14	A14.1. Adoptar medidas oportunas para establecer unha rede piloto de explotacións ecolóxicas benéficas para o clima.	CE
	A15	A15.1. destinar fondos a apoiar a conservación e o uso de recursos xenéticos e a realización de actividades de obtención de sementes ecolóxicas; contribuíndo o desenvolvemento de material de	CE

EIXO	ACCIÓNS XERAIS	ACCIÓNS ESPECÍFICAS	RESPONSABLES
		reproducción vexetal heteroxéneo e de variedades adecuadas para PE.	
		A15.2. Crear redes de explotacións modelo da UE.	CE/EM
		A15.3. Reforzar o sistema de asesoramento ás explotacións, especialmente ás inscritas no Sistema de Coñecemento e Innovación Agrícola (AKIS).	CE/EM
		A15.4. Apoio a investigación e innovación sobre a mellora de rendementos ecolóxicos.	CE
	A16	A16.1. Reserva de fondos para proxectos de investigación e innovación sobre solucións alternativas a insumos controvertidos.	CE
		A16.2. Fomentar cando proceda o uso de produtos fitosanitarios alternativos, como os que conteñen sustancias activas biolóxicas.	CE
	A17	A17.1. Atopar normas concretas e operativas para a mellora do benestar animal en PE.	CE/EM
	A18	A18.1. Adoptar un marco sobre plásticos de orixe biolóxico, compostables e biodegradables para a súa utilización en PE, marcando a pauta da sostibilidade.	CE/EM
		A18.2. Promover un uso máis eficiente e sostible da auga, o uso de enerxías renovables e a redución da liberación de nutrientes de todos os tipos de agricultura, tomando a PE como exemplo.	CE/EM

\*PE: Producción Ecolóxica/ CE: Comisión da UE/ EM: Estados Membros/ MMX: Material Modificado Xenéticamente

Con estas accións, búscase alcanzar de aquí ó 2030, o ambicioso obxectivo de destinar o 25% da superficie agrícola á produción ecolóxica. A consecución deste obxectivo, contribuirá significativamente á consecución de outros obxectivos previstos na Estratexia “da granxa á mesa”, como os de diminución do uso de praguicidas e de redución do excedente de nutrientes, contribuíndo ademais a guiar á UE cara o seu obxectivo de contaminación cero para un medio ambiente non tóxico.

#### D.1.3.1 Biodistritos no marco do Plan de Acción da UE

Os Biodistritos territoriais foron recoñecidos como boas prácticas e novos modelos de negocio no Plan de Acción Estratéxico de Agricultura Ecolóxica. Están recoñecidos baixo esta denominación as áreas xeográficas onde os agricultores, os cidadáns, os operadores turísticos, as asociacións e as autoridades públicas firman un acordo para a xestión sostible de recursos locais, baseado en principios e prácticas orgánicas. A promoción de produtos orgánicos, dun Biodistrito, está estreitamente vinculada coa promoción do territorio, para lograr o pleno desenvolvemento do seu potencial económico, social e cultural.

A UE comprométese cos Estados membros e as partes interesadas a fomentar o procesamento local e a pequena escala, nestes territorios, para avanzar cara cadeas de subministro orgánico máis curtas, proporcionando beneficios ambientais e sociais como parte dos seus esforzos para apoiar o comercio de produtos orgánicos na UE.

Os Biodistritos que operan en diferentes países europeos foron implantados mediante actores locais, adoptando unha gobernanza innovadora e participativa para unha xestión integrada dos seus recursos territoriais. O recoñecemento destes territorios dentro do Plan de Acción da UE e das diferentes Estratexias, representa unha gran oportunidade para fortalecer as súas accións en resposta ás necesidades locais, para incentivar a outros territorios na súa implantación e para estimular ós gobernos e rexión a apoiar o seu traballo a través de novos instrumentos legislativos e financeiros.

Como se destaca no Plan de Acción da UE, os distritos biolóxicos están a demostrar unha boa eficacia na integración de agricultura ecolóxica e outras actividades locais para mellorar o atractivo turístico tamén en áreas que están fora da ruta turística principal. Nas zonas rurais os Biodistritos poden desempeñar un papel destacado para xerar un valor agregado para os produtos alimenticios locais e típicos, a cultura, as tradicións, os recursos naturais e o paisaxe, nunha estratexia integrada e destinada a promover o desenvolvemento e reducir a despoboamento.

## D.2 PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027 E A SÚA APLICACIÓN EN GALICIA

### D.2.1 ACLARACIÓN INICIAL SOBRE OS DOCUMENTOS RELEVANTES A NIVEL ESPAÑOL

Considérase que o principal marco a analizar a nivel español é o Plan Estratéxico de la PAC de España 2023-2027 (PEPAC), no que se insire a intervención Leader. O motivo é que este define todas as medidas de desenvolvemento rural (cofinanciadas polo FEADER) que se van aplicar no período, a nivel estatal e en cada unha das Comunidades Autónomas, ademais de recoller o deseño das diferentes axudas directas do primeiro pilar da PAC e dos programas ou intervencións sectoriais. Polo tanto, o PEPAC establece o contexto operativo no que vai actuar o GDR23 nos próximos anos.

Identifícanse as necesidades do PEPAC ás que contribúe a estratexia do GDR23, as sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia e o interese potencial das intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas (xestionadas polo MAPA).

### D.2.2 ORIENTACIÓNS E INDICACIÓNS PRÁCTICAS EN RELACIÓN CO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC

#### a. Necesidades identificadas no PEPAC ás que contribúe a estratexia do GDR

A nova PAC é unha política orientada á consecución de resultados concretos, vinculados a tres obxectivos xerais:

- a) Fomentar un sector agrícola intelixente, competitivo, resiliente e diversificado que garanta a seguridade alimentaria a longo prazo.
- b) Apoiar e reforzar a protección do medio ambiente, incluída a biodiversidade, e a acción polo clima e contribuír a alcanzar os obxectivos ambientais e climáticos da Unión, entre eles os compromisos contraídos en virtude do Acordo de París.
- c) Fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Estes obxectivos xerais desagregáanse á súa vez en nove obxectivos específicos, baseados nos tres piares da sustentabilidade e complementados cun obxectivo transversal común de modernizar o sector agrario a través do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas rurais.

OE1: Asegurar ingresos xustos.

OE2: Incrementar a competitividade.

OE3: Equilibrar o poder na cadea alimentaria.

OE4: Acción contra o cambio climático.

OE5: Protección do medio ambiente.

OE6: Conservar o paisaxe e a biodiversidade.

OE7: Apoiar o relevo xeracional.

OE8: Zonas rurais vivas.

OE9: Protección de calidade dos alimentos e da saúde.

OT: Coñecemento e innovación.

Dos 9 obxectivos específicos e o obxectivo transversal establecidos para a PAC 2023-2027, a intervención LEADER vai contribuír ao obxectivo específico 8: “Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable”. En coherencia con iso, aborda as seguintes necesidades identificadas para o conxunto de España:

- Permanencia e asentamento de nova poboación, mozos e mulleres.
- Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificados.
- Emprendemento e talento innovador.
- Infraestruturas e servizos en áreas rurais.
- Desenvolvemento endóxeno.
- Mellora de colectivos en risco de exclusión social.
- Bioeconomía.
- Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía.
- Xestión forestal sustentable.
- Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo.
- Explotacións xestionadas por mulleres.
- Incorporación e permanencia de mulleres.
- Órganos de decisión e mulleres.

Para Galicia, o GDR analiza cales das necesidades identificadas no PEPAC de Galicia (PEPAC-GAL) son máis relevantes para o seu territorio e ás que pretende dar resposta a súa estratexia.

**Táboa 3. Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia máis relevantes para o territorio e ás que pretende dar resposta a estratexia do GDR:**

Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia		Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en azul as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PEPAC de España).		
OE1	Necesidade de ter en conta as diferenzas existentes entre as dimensións económicas das distintas explotacións no deseño das axudas á renda.	X	
OE1	Necesidade de ter en conta, no deseño das axuda á renda, as diferenzas existentes entre as distintas orientacións (cociente de emprego/ha) dos diferentes territorios.	X	

Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia		Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en azul as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PEPAC de España).		
OE1	Avanzar cara a un maior equilibrio social e territorial na distribución das axudas directas, dando prioridade ás explotacións agrarias profesionais de mediana e pequena dimensión.	X	
OE2	Incrementar a competitividade e sostibilidade a longo prazo das explotacións agrarias con especial atención a aquelas explotacións nas que esta competitividade se atopa máis comprometida, mediante o fomento e o apoio de investimentos individuais e colectivos e ferramentas que permitan optimizar os custes de produción.	X	X
OE2	Mellorar a produtividade das explotacións agrarias e a súa sustentabilidade, favorecendo a súa transición a modelos produtivos máis sostibles.	X	X
OE2	Favorecer a incorporación á actividade agraria, en particular de mozos e mulleres.	X	X
OE2	Favorecer a profesionalización integral de todas as actividades económicas, buscando minimizar os efectos negativos que sobre o mercado e/ou a cadea de valor poidan exercer os produtores non profesionais.	X	X
OE2	Fomentar e atender as demandas dos consumidores cara produtos máis sostibles, favorecer a valorización do modelo de produción europeo, diversificar os mercados de orixe e destino e os produtos tanto en importación como en exportación.	X	X
OE2	Fomentar a investigación, o desenvolvemento, a innovación, a dixitalización e a transferencia de coñecemento acompañados do necesario asesoramento integral nas explotacións agrarias para incrementar a súa competitividade e sostibilidade.	X	X
OE2	Impulsar a mobilidade da terra e a posta en produción de superficies abandonadas, co fin de ampliar a base territorial das explotacións agrarias e favorecer a súa sostibilidade económica e ambiental.	X	X
OE3	Fomento das producións de calidade diferenciada e ecolóxicas.	X	X
OE3	Desenvolvemento de canles de venda alternativos.	X	X
OE3	Apoio, dentro da cadea de valor, de medidas de adaptación e mitigación para a loita contra o cambio climático en liña co Pacto Verde Europeo (Decembro 2019) e coa Declaración de Emerxencia Climática e Medioambiental do Goberno de España.	X	X
OE3	Impulsar o desenvolvemento da industria agroalimentaria, dando prioridade a aqueles proxectos orientados a produtos diferenciados e/o con maior valor engadido.	X	X
OE3	Apoio á participación dos agricultores e as súas cooperativas na transformación e comercialización dos produtos agrarios.	X	X
OE4	Minimizar as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), contribuíndo de maneira efectiva ao cumprimento dos obxectivos nacionais do PNIEC.	X	X

Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia		Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en azul as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PEPAC de España).		
OE4	Aumentar a capacidade de sumidoiro de carbono do solo, cultivos leñosos e sistemas forestais, entre outros.	X	X
OE4	Diminuír o consumo de enerxía, promover o aforro e a mellora da eficiencia enerxética.	X	X
OE4	Xerar (a través de experiencias innovadoras) e mellorar o coñecemento (a través do asesoramento e a formación) en prácticas relacionadas coa atenuación do cambio climático e a diminución dos seus efectos para a súa transferencia aos agricultores/ gandeiros/ silvicultores e así impulsar o cambio cara a unha agricultura/ gandaría/ silvicultura descarbonizada, resiliente e adaptada ao cambio climático, e que diversifica os ingresos e minimiza os riscos e xera emprego verde.	X	X
OE4	Cuantificar, valorizar e monitorizar a capacidade de sumidoiro de CO2 dos sistemas agrarios e forestais, especialmente de bosques e pastos permanentes.	X	X
OE5	Mellorar a calidade da auga, reducindo a contaminación procedente de fontes agrarias.	X	
OE5	Conservación e xestión de terreos forestais, incluíndo o aproveitamento gandeiro.	X	X
OE6	Manter, recuperar e/ou mellorar a biodiversidade agrícola, gandeira e forestal, así como asegurar o uso sostible destes recursos xenéticos.	X	X
OE6	Manter e recuperar a biodiversidade natural, con particular atención ás especies protexidas e aos hábitats naturais ou seminaturais, terrestres ou acuáticos, especialmente na Rede Natura 2000, que estean relacionados con – ou afectados por – explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.	X	X
OE6	Potenciar a asignación de fondos europeos en zonas Rede Natura 2000, para así contribuír adecuadamente á súa financiación, no ámbito da PAC, incluíndo as actuacións do Marco de Acción Prioritaria que encaixen cos obxectivos e mecanismos de intervención da futura PAC.	X	X
OE6	Manter e mellorar a heteroxeneidade das paisaxes agrícolas e os elementos de conectividade entre hábitats e espazos protexidos.	X	X
OE6	Evitar o abandono de plásticos no medio a través da redución do seu uso, a boa xestión dos seus residuos ou a substitución por outros produtos.	X	
OE6	Fomentar sistemas de produción agrícolas, gandeiros e forestais sostibles, como é o caso, entre outros, da produción agraria ecolóxica.	X	X
OE7	Promover o relevo xeracional.	X	X
OE7	Mellorar a cualificación profesional.	X	X
OE7	Mellorar as condicións para a incorporación e permanencia na actividade agraria das mulleres rurais.	X	X

Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia		Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en azul as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PEPAC de España).		
OE8	Capitalizar e incrementar o atractivo que o medio rural supón para certos sectores da sociedade con vistas a favorecer tanto a permanencia como o asentamento de nova poboación no medio rural, en especial mozos e mulleres.	X	X
OE8	Promover a visibilidade e o empoderamento da muller rural.	X	X
OE8	Potenciar a función dos sistemas agroalimentario e forestal sostibles como elementos diversificadores da estrutura económica nas áreas rurais.	X	X
OE8	Potenciar o emprendemento e atraer e reter o talento innovador nas zonas rurais.	X	X
OE8	Mellora da dotación de infraestruturas e servizos nas áreas rurais, como elemento fundamental para frear a perda de poboación e mellorar a competitividade e a xeración de emprego e renda.	X	X
OE8	Mellorar a situación dos colectivos en risco de exclusión social do medio rural con especial fincapé en mozos, mulleres e poboación inmigrante mediante o despregue e reforzo de novas tecnoloxías de calidade, así como integrar as súas necesidades nos sistemas de asesoramento e formación no medio rural.	X	X
OE8	Aproveitar o potencial existente para o desenvolvemento de modelos de negocio relacionados coa bioeconomía circular que permitan xerar emprego e riqueza no medio rural, así como facilitar o aumento de investimentos en bioeconomía para contribuír á xeración de volume de negocio.	X	X
OE8	Mellorar a formación, divulgación e a transferencia de coñecemento no ámbito da bioeconomía entre todos os axentes implicados e desenvolver accións innovadoras para afrontar os desafíos do sector.	X	
OE8	Fomentar a xestión forestal sostible, mediante a potenciación das figuras asociativas existentes, a consolidación da propiedade, a planificación e a súa execución; mediante o incremento dunha oferta de produtos forestais adecuada ás demandas actuais e potenciais e diferenciada a través da innovación, dixitalización e desenvolvemento de modelos de negocio na xestión, aproveitamento e transformación de maneira integrada no sector forestal a través da súa vertebración.	X	X
OE9	Mellorar o coñecemento por parte do consumidor do sector produtor e o modelo produtivo comunitario e valorizar os produtos e os sistemas de produción comunitarios.	X	X
OE9	Mellorar a información sobre alimentación que recibe o consumidor e os seus coñecementos con relación á alimentación.	X	X
OE9	Adequar a oferta á demanda crecente dos consumidores con relación á sostibilidade da alimentación mediante, entre outros, os produtos ecolóxicos e os alimentos de proximidade.	X	X
OE9	Desenvolver medidas de apoio á mellora do benestar animal e outras medidas encamiñadas ás producións máis sostibles demandadas polo consumidor.	X	X

Necesidades identificadas no PEPAC de Galicia		Relevante no territorio do GDR	Abordada na estratexia do GDR
Obxectivos específicos (OE) e obxectivo transversal (OT) da PAC 2023-2027	(sombreadas en azul as necesidades específicas de Galicia non incorporadas no documento oficial do PEPAC de España).		
OE9	Mellorar a calidade alimentaria, especialmente nos comedores de institucións públicas.	X	X
OT	Potenciar a formación agraria e o intercambio de coñecemento no sector produtor.	X	X
OT	Impulsar o asesoramento e a formación de asesores e a súa interacción.	X	X
OT	Reforzar o ecosistema de innovación e seguimento das innovacións desenvolvidas.	X	X
OT	Desenvolver actuacións ligadas ás necesidades do sector en materia de dixitalización facilitando a incorporación de novas tecnoloxías.	X	X
OT	Consolidar unha masa crítica de servizos de asesoramento agroforestal (organizacións e axentes), con carácter neutral e independente, a través da colaboración público-privada.	X	X

#### b. Sinerxías e complementariedades coas outras medidas de desenvolvemento rural que vai xestionar a Xunta de Galicia

Dentro das intervencións previstas no PEPAC considérase que son de especial relevancia para os GDR as outras medidas de desenvolvemento rural programadas para Galicia e que vai xestionar a Administración Autonómica.

Para esas medidas de desenvolvemento rural analízase o seu aliñamento e sinerxías potenciais coa estratexia do GDR23, indicando cales desas intervencións son máis relevantes para o territorio, e en cales existe posibilidade de que o GDR poida interactuar para a axeitada implementación da intervención.

**Táboa 4. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco do PEPAC 2023-2027**

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>COMPROMISOS MEDIOAMBIENTAIS, CLIMÁTICOS E DEMAIS COMPROMISOS DE XESTIÓN</b>			
<b>Intervención 6501.2 - Compromisos agroambientais en superficies agrarias: Compromisos de cultivos sostibles</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Explotacións agrarias con cultivos forraxeiros ou extensivos	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6503 - Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Explotacións agrarias en produción ecolóxica	Formación Asesoramento
<b>ZONAS CON LIMITACIÓNS NATURAIS OU OUTRAS LIMITACIÓNS ESPECÍFICAS</b>			
<b>Intervención 6613 - Axudas a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas</b>	Divulgador	Agricultores activos con superficie en zonas de montaña	Formación Asesoramento
<b>INVERSIÓNS</b>			
<b>Intervención 6841.1 - Axudas a inversións produtivas en explotacións agrarias vinculadas a contribuir á mitigación-adaptación ao cambio climático e uso eficiente dos recursos naturais e o benestar animal</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Explotacións agrarias, pequenas explotacións, cooperativas agrarias, SATs que leven a cabo inversións produtivas vinculadas a contribuir ao cambio climático e o uso eficiente dos recursos naturais e o benestar animal	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6841.2 - Axudas a inversións en modernización e/o mellora de explotacións agrarias</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Explotacións agrarias, pequenas explotacións, cooperativas agrarias, SATs que leven a cabo inversións en modernización e ou mellora das explotacións	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6842.2 - Axudas a inversións en transformación, comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Empresas que transformen e comercialicen produtos agrarios e alimentarios	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6843.2 - Axudas a inversións en infraestruturas agrarias para fomento da competitividade (incluídas aldeas modelo e polígonos agroforestais)</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Administracións públicas e organismos autónomos vinculados a elas que leven a cabo procesos de reestruturación parcelaria e de	Formación Asesoramento

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
		mobilización e recuperación de terras agrarias	
<b>Intervención 6844 - Axudas a inversións non produtivas en explotacións agrarias vinculadas á mitigación-adaptación ao cambio climático, uso eficiente dos recursos naturais, biodiversidade e benestar animal</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Persoas e entidades, públicas ou privadas, titulares de parcelas agrícolas que leven a cabo inversións non produtivas vinculadas á adaptación ao cambio climático, uso eficiente de recursos naturais, biodiversidade e benestar animal	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6864 - Axudas a inversións para a diversificación agraria</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Micro-empresas e pequenas empresas de nova creación ou que inicien novas actividades	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6871 - Inversións non produtivas en servizos básicos no medio natural</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Administracións, persoas físicas ou xurídicas privadas e organizacións sen ánimo de lucro que leven a cabo inversións non produtivas en zonas rurais, Rede Natura e aquelas incluídas en instrumentos de planificación	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6872 - Inversións non produtivas en servizos básicos en zonas rurais</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Administracións, persoas físicas ou xurídicas privadas e organizacións sen ánimo de lucro que leven a cabo inversións non produtivas en pequenas infraestruturas de carácter local	Formación Asesoramento
<b>Intervención 6881.1 - Inversións forestais non produtivas en repoboación e sistemas</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Titulares forestais, administracións, titulares individuais ou agrupacións, agricultores e outros propietarios de terras que leven a cabo repoboación forestal de coníferas e frondosas e o establecemento de sistemas forestais	Formación Asesoramento
<b>ESTABLECIMENTO DE AGRICULTORES MOZOS E POSTA EN MARCHA DE NOVAS EMPRESAS RURAIS</b>			
<b>Intervención 6961.1 - Establecemento de persoas mozas agricultores</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Persoas de entre 18 e 41 anos que se incorporen á actividade agrícola.	Formación Asesoramento

Medida de desenvolvemento rural de interese para o GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>Intervención 6961.2 - Establecemento de novos agricultores</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Persoas de entre 41 e 55 anos que se incorporen á actividade agrícola por primeira vez.	Formación Asesoramento
<b>COOPERACIÓN</b>			
<b>Intervención 7131 - Cooperación para promover a participación nos réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Agricultores e agrupacións ou organizacións de produtores agrícolas ou silvícolas que participen nos réximes de calidade.	Formación Asesoramento
<b>Intervención 7132 - Cooperación para a promoción dos produtos agrícolas e alimenticios en réximes de calidade</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Agrupacións ou organizacións de produtores agroalimentarios, asociacións sen ánimo de lucro e administracións ou entidades que cooperen para a información e promoción dos produtos de calidade.	Formación Asesoramento
<b>Intervención 7161 - Cooperación de grupos operativos da Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola (AEI-Agri)</b>	Divulgador Colaboración na implantación	Persoas físicas ou xurídicas, así como a administración, que formen parte dun Grupo Operativo constituído para a preparación e execución dun proxecto dirixido á modernización do sector agroalimentario e forestal.	Formación Asesoramento Animación e participación en proxectos
<b>INTERCAMBIO DE COÑECEMENTOS E INFORMACIÓN "AKIS"</b>			
<b>Intervención 7201 - Transferencia de coñecementos e actividades de formación e información</b>	Divulgador Beneficiario potencial Colaboración na implantación	Persoas físicas, así como a administración, que leven a cabo actividades de formación e transferencia de coñecementos de carácter agroforestal.	Formación Prestación de servizos Asesoramento
<b>Intervención 7202 - Servizos de asesoramento</b>	Divulgador Beneficiario potencial Colaboración na implantación	A administración, entidades públicas ou privadas e agrupacións de persoas físicas, que leven a cabo servizos de asesoramento en explotacións e de tutorización a incorporados á actividade agraria.	Formación Prestación de servizos Asesoramento

### c. Interese potencial das intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas (xestionadas polo MAPA)

Complementariamente, analízanse as intervencións supra-autonómicas de desenvolvemento rural recollidas no PEPAC, indicando cales das intervencións supra-autonómicas son máis relevantes para o territorio e en cales existe posibilidade de que o GDR23 poida xogar algún papel en relación á súa aplicación.

**Táboa 5. Sinerxías e complementariedade da estratexia do GDR coas intervencións de desenvolvemento rural supra-autonómicas no marco do PEPAC de España 2023-2027**

Intervención supra-autonómica	Relación co DAFO do GDR	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>6842.2 - Axudas a inversións en transformación, comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agroalimentarios</b>	Agro Monte Mercado laboral	Divulgador Colaboración na implantación	Entidades Asociativas Prioritarias (EAP), que transformen, comercialicen ou desenvolvan, ou que vaian transformar, comercializar ou desenvolver produtos agrarios dos contidos no anexo I.	Formación Asesoramento Estudo de viabilidade de obradoiros compartidos
<b>7161 - Cooperación de grupos operativos da Asociación Europea para Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas (EIP-Agri)</b>	Agro Monte Turismo e hostalería Mercado laboral	Divulgador Colaboración na implantación	Polo menos dúas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se asocian para formar parte dun grupo operativo para preparar e executar un único proxecto innovador nos ámbitos da agricultura, gandería, silvicultura, transformación e comercialización.	Formación Asesoramento Dinamización de proxectos
<b>7201 - Transferencia de coñecementos e actividades de formación e información</b>	Agro Monte Mercado laboral	Divulgador Beneficiario potencial Colaboración na implantación	Entidades públicas ou privadas, organizacións sen ánimo de lucro e agrupacións, de ámbito supra-autonómico ou nacional que leven a cabo actividades de formación e transferencia de coñecementos de carácter agroforestal.	Formación Prestación de servizos Asesoramento

## D.3 ESTRATEGIAS SECTORIAIS E INICIATIVAS DA XUNTA DE GALICIA RELACIONADAS CO MEDIO RURAL

### D.3.1 DOCUMENTOS DE MAIOR RELEVANCIA A CONSIDERAR

Abórdanse neste subapartado as iniciativas prioritarias e as estratexias sectoriais impulsadas pola Consellería do Medio Rural que teñen incidencia significativa e son relevantes para o territorio do GDR23:

En particular, destacamos:

- Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025.
- Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026.
- Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.
- Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Cara á neutralidade carbónica

### D.3.2 ORIENTACIÓNS E INDICACIÓNS PRÁCTICAS

A continuación, reflexiónase con carácter estratéxico sobre os aspectos e instrumentos de maior relevancia para o territorio e, especialmente, sobre o rol que o GDR pode ter na súa promoción e implantación.

Para as estratexias ou plans sectoriais da Consellería do Medio Rural, indicase na táboa seguinte os elementos máis salientables do DAFO aliñados coas estratexias ou plans máis relevantes, así como as principais accións recollidas neses plans que poidan ser sinérxicas coa acción do GDR, tratando de precisar a forma na que isto pode concretarse.

**Táboa 6. Aliñamento da estratexia GDR coas estratexias, iniciativas e plans da Consellería do Medio Rural**

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
<b>Lei de recuperación da terra agraria de Galicia</b>			
- Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, desenvolvendo para iso mecanismos de posta en valor baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas permutas ou nas transmisións da titularidade das terras por calquera medio válido en dereito, así como na xestión conxunta das terras.	Divulgador Colaboración na implantación  Identificador de cultivos “tractores”  Identificador de axentes dinamizadores	Explotacións agrarias, cooperativas agrarias, SATs e Comunidades de Montes interesadas en aumentar a súa superficie agraria  Posibilidade de participar en grupos operativos (G.O. Terractiva)	Formación  Asesoramento  Avanzar mediante cooperación con outros GDRs

<b>Estratexia/ plan</b> <b>-Elemento ou acción relevante</b>	<b>Rol do GDR</b> <b>(divulgador,</b> <b>beneficiario potencial,</b> <b>colaboración na</b> <b>implantación...)</b>	<b>Posibles tipos de proxectos</b> <b>promovidos ou financiados</b> <b>polo GDR</b>	<b>Outras posibles</b> <b>accións do GDR</b> <b>sinérxicas</b>
- Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais, establecendo medidas de recuperación, agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización e prestando atención especial ao fomento de iniciativas de xestión e aproveitamento conxunto das terras recuperadas.	Divulgador Colaboración na implantación Identificador de axentes dinamizadores Identificador de cultivos "tractores" Apoiar o Banco de Explotacións	Explotacións agrarias, cooperativas agrarias, SATs e Comunidades de Montes interesadas en aumentar a súa superficie agraria Promover a implicación dos concellos Dinamizar cultivos mediante a cooperación entre GDRs (viño e froita)	Formación Asesoramento
- Facilitar a posta en contacto entre as persoas emprendedoras de proxectos agroforestais e as persoas titulares de terras.	Divulgador Colaboración na implantación Dinamizador do funcionamento dos MVMC	Emprendedores agroforestais	Formación Asesoramento Identificación de cultivos de interese
- Favorecer o mantemento da poboación vinculada á actividade agroforestal, promovendo e recoñecendo o papel da muller en condicións de igualdade e a remuda xeracional.	Divulgador Colaboración na implantación	Mulleres dedicadas á actividade forestal, así como mulleres mozas que se queren incorporar	Formación Asesoramento Visibilización da presenza da muller nas explotacións agrarias
- Incentivar as producións agroforestais sustentables e, en especial, a produción ecolóxica, os sistemas gandeiros de carácter extensivo e a xestión forestal sustentable.	Divulgador Colaboración na implantación	Explotacións agrícolas extensivas e/ou en ecolóxico Animar propostas de Grupos Operativos de Innovación Agraria	Formación Asesoramento Busca de financiación noutras entidades e fondos (Life, Fundación Carasso)
- Impulsar instrumentos innovadores en materia de acceso á terra que favorezan a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.	Divulgador Colaboración na implantación	Agricultores mozos que se incorporen á actividade agraria	Formación Asesoramento Portal web Dinamización xunto cos concellos o xurdimento dos polígonos agroforestais
Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025			

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
- Aumentar a industrialización do leite en Galicia apostando pola diversificación dos produtos.	Divulgador Colaboración na implantación	Industrias lácteas que diversifiquen a súa produción	Formación Asesoramento
- Mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos no mercado español e impulsar a internacionalización.	Divulgador Colaboración na implantación	Industrias do sector lácteo	Formación Asesoramento Apoiar pequenos obradoiros de transformación en ecolóxico
- Reforzar o ecosistema de formación e I+D+i conectándoo coas necesidades do sector.	Divulgador Colaboración na implantación	Industrias do sector lácteo interesadas en I+D+i  Animar proxectos en colaboración co CIAM de Mabegondo	Formación Asesoramento  Animar a presentación de proxectos por parte de Grupos Operativos
Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026.			
- Promover a colaboración e cooperación entre as DOP (e as IXP) vitivinícolas de Galicia.	Divulgador Colaboración na implantación	DOP (e as IXP) vitivinícolas de Galicia  Participación en proxectos de cooperación Leader (2022-2023)	Formación Asesoramento
- Reforzar as Denominacións de Orixe vitivinícolas.	Divulgador Colaboración na implantación	DOP vitivinícolas de Galicia	Formación Asesoramento
- Impulso do relevo xeracional e mellora da rendibilidade e a sustentabilidade da produción vitícola.	Divulgador Colaboración na implantación  Utilización da Marca Reserva da Biosfera para os viños da IXP Viño da Terra de Betanzos	Explotacións vitícolas e agricultores mozos que se incorporen á actividade vitícola  Apoio na loita contra a avespa velutina	Formación Asesoramento  Promoción do acceso á terra  Animación dende a Cooperación ó acceso a terras
- Pór en valor o patrimonio cultural, natural e paisaxístico ligado ao viño.	Divulgador Colaboración na implantación  Incorporar adegas dentro das experiencias	Explotacións vitícolas con patrimonio cultural, natural e paisaxístico ligado ao viño  Apoio dende Leader (2023-2027) con investimentos orientados ao ecoturismo	Formación Asesoramento

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
	de Ecoturismo da Reserva da Biosfera		
Estratexia de dinamización do sector cárnico en Galicia.			
- Avanzar cara a unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente, que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais.	Divulgador Colaboración na implantación  Apoiar proxectos en CMVMC para analizar a capacidade dos pastos para fixar CO <sub>2</sub>	Explotacións gandeiras de carne	Formación Asesoramento  Apoiar proxectos de mellora empresarial e xestión do gando en CMVMC
- Impulso dos sistemas de explotación ligados á protección do medio ambiente (producións extensivas e semiextensivas).	Divulgador Colaboración na implantación  Conectar con centros de investigación para mellorar a xestión dos MVMC	Explotacións gandeiras de carne extensivas e semiextensivas  Animar a transición de convencional a ecolóxico	Formación Asesoramento
- Mellorar a imaxe e o recoñecemento social dos produtores e contribuír á remuda xeracional nas explotacións cárnicas.	Divulgador Colaboración na implantación  Animar a creación dun Banco de Explotacións	Explotacións gandeiras de carne e agricultores mozos que se incorporen á actividade gandeira	Formación Asesoramento
Plan Forestal de Galicia 2021-2040.			
- Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais.	Divulgador Colaboración na implantación  Incorporar ó territorio unha Estratexia Galega de Infraestrutura Verde de Galicia	Titulares forestais públicos ou privados	Formación Asesoramento  Proxectos de Cooperación entre GDRs (Conectando Biodiversidade)
- Protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais.	Divulgador Colaboración na implantación	Titulares forestais públicos ou privados	Formación Asesoramento  Promover modelos silvícolas que maximicen os servizos ecosistémicos

Estratexia/ plan -Elemento ou acción relevante	Rol do GDR (divulgador, beneficiario potencial, colaboración na implantación...)	Posibles tipos de proxectos promovidos ou financiados polo GDR	Outras posibles accións do GDR sinérxicas
- Xestión forestal e loita contra o abandono do monte.	Divulgador Colaboración na implantación	Titulares forestais públicos ou privados	Formación Asesoramento Dinamizar a recuperación da terra agraria, expondo alternativas vendibles
- Planificación, ordenación e gobernanza.	Divulgador Colaboración na implantación Impulsar a creación dunha Rede de Infraestrutura Verde cos concellos do GDR	Titulares forestais públicos ou privados Animar o uso dos ecorexímenes no bosque de ribeira dentro da PAC	Formación Asesoramento Animación de proxectos de Cooperación entre GDRs

**DIRECCIÓN**

Asociación Mariñas-Betanzos.  
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.  
15318 Abegondo (A Coruña).

**CONTACTO**

info@marinasbetanzos.gal  
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)